



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Carlos Cruz Freire, SECRETARIO ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, A CORUÑA

CERTIFICO: Que o Sr./Sra. alcalde do Concello de Malpica de Bergantiños, con data 30-08-2024, ditou a seguinte Resolución 431/2024 que literalmente se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CERQUEDA E LEILOIO: ACTUACIÓN 1ª.- PISTA DE POZACAS, ACTUACIÓN 2ª.- PISTA DE PEDROSA”, INCLUÍDA PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024 - 2025.

EXPEDIENTE: 2024/C003/000001

Considerando que esta alcaldía (órgano de contratación) pola Resolución 333/2024, do 05/07/2024, resolveu aprobar, de conformidade co previsto nos arts. 116, 117, 131, 145 e seguintes e o art. 159 da LCSP, o expediente de contratación, procedemento aberto simplifícadísimo, art.159.6 LCSP, con varios criterios de valoración (mediante a mera aplicación de fórmulas: prezo e porcentaxe de mulleres en relación coa plantilla global da empresa), tramitación ordinaria, para a adxudicación da obra á que se refire o proxecto denominado “MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CERQUEDA E LEILOIO: ACTUACIÓN 1ª.- PISTA DE POZACAS, ACTUACIÓN 2ª.- PISTA DE PEDROSA”, segundo o proxecto técnico redactado polo arquitecto, D. Gonzalo García Martínez, e cuxo orzamento base de licitación é de 73.791,20 € (60.984,46 € base impoñible + 12.806,74 € de 21% de IVE) e valor estimado do contrato (VEC) de 60.984,46 €.

Considerando que aberto o procedemento de licitación presentáronse un total de cinco licitadores, que seguidamente se indican:

RAZÓN SOCIAL/LICITADOR	NIF
CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS, S.L.	B15361934
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	B15496219
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	B70262829
SYR-AMG, S.L.	B15938780

Visto que, realizadas as oportunas comprobacións, foron admitidos todos os licitadores (cinco) no procedemento e que as ofertas presentadas son/eran as seguintes, segundo consta na acta da Mesa de Contratación estendida ao efecto:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

RAZÓN SOCIAL	OFERTA ECONÓMICA	MULLERES TRABALLADORAS CON CONTRATO FIXO E POR TEMPO INDEFINIDO E XORNADA COMPLETA	PORCENTAXE SOBRE O NÚMERO GLOBAL DE PERSOAS TRABALLADORAS FIXAS EN PLANTILLA
CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS, S.L.	58.728,03 €	1	11,11%
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	58.789,00 €	7	7,61%
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	56.782,63 €	3	15,00%
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	58.404,72 €	0	0%
SYR-AMG, S.L.	58.185,19 €	1	11,11%

Visto que a Mesa de Contratación na sesión celebrada o día 31/07/2024, segundo consta na acta estendida ao efecto, adopta os seguintes acordos:

A.- “.../

Primeiro: Outorgar aos licitadores as seguintes puntuacións/valoracións, coa seguinte desagregación:

RAZÓN SOCIAL	Puntuación oferta económica	Puntuación % de mulleres en relación co persoal global da empresa	Puntuación total
CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS, S.L.	13,81	9,26	23,07
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	13,44	7,61	21,05
EXCAVACIONES Y OBRAS	25,72	10,00	35,72

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

CANDAL, S.L.			
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	15,79	0	15,79
SYR-AMG, S.L.	17,14	9,26	26,40

Segundo: Clasificar as ofertas presentadas polas empresas na seguinte orde:

RAZÓN SOCIAL	Puntuación oferta económica	Puntuación % de mulleres en relación co persoal global da empresa	Puntuación total
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	25,72	10,00	35,72
SYR-AMG, S.L.	17,14	9,26	26,40
CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS, S.L.	13,81	9,26	23,07
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	13,44	7,61	21,05
GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	15,79	0	15,79

B.- ".../

Único: Propoñer ao órgano de contratación a adjudicación do contrato das obras de "MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CERQUEDA E LEILOIO: ACTUACIÓN 1ª.- PISTA DE POZACAS, ACTUACIÓN 2ª.- PISTA DE PEDROSA", á empresa EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L. con CIF: B15496219, no prezo total de 68.706,98 € (56.782,63 € + 11.924,35 €, 21 % do IVE).

C.- ".../

Primeiro: Requerir á empresa EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L., candidato con mellor puntuación, para que no **prazo de 7 días hábiles**, a contar desde o envío da correspondente comunicación, presente por medios electrónicos (a través da Plataforma de Contratos del Sector Público) e con sinatura electrónica, a documentación á que se refire a cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, que neste caso, ao atoparse inscrita a empresa no Rexistro Xeral de Contratistas da

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Comunidade Autónoma de Galicia e á vista dos datos que obran nel e ás demais comprobacións realizadas por este órgano (PASAXE) será a seguinte:

- *Acreditación documental do número de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e xornada completa en plantilla (cláusula 16.1.5 en relación á cláusula 12 e Anexo III, proposición).*

Segundo: *Advertir que de non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a requirir a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas (cláusula 16.2 do PCAP). Todo iso sen prexuízo do sinalado nos arts. 71, 72 e 73 da LCSP.*

Terceiro: *Comunicar electronicamente a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o presente acordo a **EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.***

Cuarto: *Que pola tesourería municipal se emita o correspondente certificado relativo a se a empresa proposta como adxudicataria, **EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.**, se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello”.*

Visto que a citada comunicación a **EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.**, realízase por medios electrónicos a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, sendo esta enviada ao licitador en data 02/08/2024 ás 10:13 horas e accedendo este ao seu contido (lida polo licitador) o mesmo día 02/08/2024, ás 10:14 horas, procedéndose ademais, na citada data, á publicación da acta da sesión, onde se adoptou o acordo, no perfil do contratante, constando todo ilo no expediente (en TEDEC) e na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Visto que o prazo outorgado ao licitador para cumprir o requirimento finalizaba ás 23:59 do día 13/08/2024.

Visto que na Plataforma de Contratos do Sector Público constátase que en data 09/08/2024 ás 10:55 horas, a empresa, presenta dentro do prazo concedido, un “sobre” con documentación para os efectos de dar cumprimento ao citado requirimento, estando, pois, dentro do prazo outorgado.

Visto que a Mesa de Contratación na sesión celebrada o día 14/08/2024, segundo consta na acta estendida ao efecto, adopta os seguintes acordos:

“.../

Primeiro: *Considerar que o licitador **EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.**, ten dado cumprimento ao requirimento realizado pola Mesa de contratación en data 02/08/2024 ao ter presentando, de conformidade co disposto na cláusula 16.1.5 do prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, a documentación acreditativa do número de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e xornada completa en plantilla (cláusula 16.1.5 en relación a cláusula 12 e Anexo III, proposición presentada).*

Segundo: *Ratificando a proposta feita por este órgano en data 31/07/2024, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato das obras de **“MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CERQUEDA E LEILOIO: ACTUACIÓN 1ª.- PISTA DE POZACAS, ACTUACIÓN 2ª.- PISTA DE PEDROSA”**, á empresa **EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.** con CIF: B15496219, no prezo total de 68.706,98 € (56.782,63 € + 11.924,35 €, 21 % do IVE).*

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Terceiro: Dar traslado do presente ao órgano de contratación”.

Visto o informe de fiscalización emitido pola interventora, Dna. Ana María Iglesias Gato, que obra no expediente, previo á adxudicación do contrato.

Vistos, pois, os antecedentes anteriormente expostos, fundamentalmente a valoración/clasificación das ofertas presentadas realizada pola Mesa de Contratación (vid. supra) e restante documentación/actuacións que obran no expediente é polo que esta Alcaldía, de conformidade co disposto nos arts. 150, 151 e 159 da LCSP e en uso das competencias atribuídas pola disposición adicional 2ª da citada Lei, en materia de contratación administrativa,

RESOLVE:

Primeiro.- Aceptar a proposta efectuada pola Mesa de Contratación e adxudicar o contrato das obras ás que se refire o proxecto denominado “MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CERQUEDA E LEILOIO: ACTUACIÓN 1ª.- PISTA DE POZACAS, ACTUACIÓN 2ª.- PISTA DE PEDROSA”, á empresa EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L. con CIF: B15496219, domicilio social en rúa A Brea núm. 52, Ordes (A Coruña), e dirección electrónica habilitada, obras@excandal.com, no prezo de:

Prezo sen IVE:.....56.782,63 €
IVE (21%):.....11.924,35 €
Prezo total:.....68.706,68 €

O prazo de execución será de **tres (3) meses** contado desde o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do reformulo, quedando a empresa adxudicataria suxeita ao cumprimento de todas e cada unha das condicións sinaladas na súa oferta, nos planos, condicións técnicas, cadros de prezos e medicións do proxecto da obra e no Prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato.

Segundo.- Dispoñer o gasto derivado da devandita contratación con cargo á aplicación orzamentaria 454.61900 (código de proxecto 2024/3/AGA24/1) do Orzamento Xeral do Concello de Malpica de Bergantiños prorrogado para o ano 2024.

Terceiro.- Notificar, dentro do prazo de 10 días a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia (Notifica.gal), o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores que permanecen no procedemento.

Cuarto.- Indicar, de conformidade co art. 153.3 da LCSP, que a formalización do contrato en documento administrativo deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se realice a notificación do presente acordo.

Quinto.- Publicar a adxudicación e a formalización do contrato no perfil do contratante de conformidade e en cumprimento dos arts. 63, 151.1 e 154 da LCSP.

Sexto.- Que a dirección de obra sexa levada pola empresa ARQUB 27 ESTUDIO, S.L.P, sendo a persoa física encargada da mesma D. Gonzalo García Martínez (arquitecto).

A D. Gonzalo García Martínez, ao ser designado director de obra, lle corresponderá, ademais, de conformidade co art. 62 da LCSP, o exercicio das facultades correspondentes ao responsable do contrato.

Sétimo.- Que a coordinación de seguridade e saúde na obra sexa levada por D. Cristian Fernández Centeno.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Oitavo.- Dar traslado da presente á dirección de obra e á coordinación de seguridade e saúde.

Noveno.- Dar traslado da presente á intervención municipal.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, o secretario accidental, Carlos Cruz Freire, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)”.
E para que así conste expido o presente de orde e co visto e prace do Sr. alcalde, en Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe polo secretario accidental, D. Carlos Cruz Freire e o Sr. Alcalde, D. Eduardo J. Parga Veiga